

PEZA DO MES

decembro

2002



ANXO MÚSICO

PRIMEIRO TERCIO DO S.XVIII

MADEIRA POLICROMADA

50 x 18 CM

PROCEDENCIA DESCOÑECIDA

DOAZÓN DE D. MANUEL DÍEZ SANJURJO

Nº Inv: 289

NAS PORTADAS DAS IGREXAS, NOS RETÁBULOS, NOS CADEIRADOS DOS COROS, NOS ÓRGANOS, NUMEROSOS PERSONAXES BÍBLICOS, SANTOS OU ANXOS PARECEN COBRAR VIDA Ó RITMO DA MÚSICA QUE EXECUTAN, EVIDENCIÁNDOSE A PRESENCIA DA MESMA NA “ARTE RELIXIOSA”. ESTE GRACIOSO ANXELOTE TOCANDO UN INSTRUMENTO DE VENTO É UN EXEMPLO DA IMPORTANCIA QUE TIVO A MÚSICA PARA A IGREXA, PARA A PREGARIA, A CERIMONIA E A LITURXIA.



ANXO MÚSICO

Para embelecer e completar os múltiples edificios erixidos na época barroca en Galicia, xurdirán un gran número de escultores e entalladores que coas súas obras –retábulos, coros, fachadas ou ben escultura exenta– contribuirán a magnificencia e riqueza da arte.

Tanto no século XVII como na primeira metade do XVIII, predominarán os temas relixiosos, dándose a penas a escultura civil ou de carácter funerario. É o momento dos grandes retábulos e dentro dos temas relixiosos, dase preferencia polos Cristos, Dolorosas, Inmaculadas, santos de devoción popular, os grandes Apóstolos e santos de recente canonización. A evolución formal das tallas denota un gusto pola diagonal e os escorzos á procura do movemento; a isto contribúe o tratamento dos pregamentos, agora máis ampulosos e que moitas veces parecen movidos polo vento. Empregarase como material, xeralmente, a madeira policromada, e a medida que avanza o s. XVII e plenamente no XVIII, utilizaranse moi-

tos elementos postizos: ollos e lágrimas -de pasta de cristal- cabelos, pestanas, etc, que servirán para acentuarlo realismo.

No primeiro tercio do século XVII a escola escultórica galega terá o seu centro artístico nas cidades de Ourense e Lugo, mantendo certas conexións coa escultura castelá, cos anos desprazarase este núcleo a Santiago. Nos primeiros anos do XVIII, algúns artistas seguen aferrados ós canons da centuria anterior, aínda que pouco a pouco adentrámonos no rococó. Adquiren agora importancia inusitada os retábulos, xeralmente de gran tamaño e recubertos de ouro, a cidade de Santiago será o centro máis relevante de toda a actividade artística.

Un dos artistas que destaca no primeiro tercio do s. XVIII é Francisco de Castro Canseco, a quen se lle atribúe, ben de maneira persoal ou ben o seu taller, a peza a analizar. Natural de Valderas (León), onde naceu arredor do 1655, será un dos escultores de maior produción na Galicia da súa época. Non se coñecen ben os motivos que o traen a nosa terra, tal vez a súa ascendencia galega por parte paterna ou o vir a formarse con algún dos grandes mestres composteláns como Domingo de Andrade, de quen se supón alumno, según aventura Concepción Caramés, ou o contrato da obra do coro do Real Mosteiro de Santa María de Sobrado. A súa presenza en Galicia constátase desde o ano 1693, en Melide.

Será na cidade das Burgas, na coñecida praza das Mercedes, onde establece a súa residencia definitiva no ano 1696, co fin de facerse cargo da talla iniciada por Domingo de Andrade na capela do Santo Cristo, primeira das numerosas obras realizadas na catedral ourensá. Mostras da súa arte temos tamén no retábulo do convento de Santo Domingo, no cadeirado do coro da igrexa do convento de San Francisco. Fóra da cidade traballa tamén en Ribadavia, en Celanova, na fábrica da fachada do convento de Oseira, e xa lonxe da nosa provincia, en Tui e en Santiago (altar maior de San Paio de Antealtares). Falece no ano 1724.

Canseco, aínda que é considerado máis retabulista e ensamblador que imaxineiro, logrou obras de extraordinaria execución, tanto de vulto redondo como en relevo. Bastaría para con-



DETALLE ANXO MÚSICO

sagrado neste sentido, as imaxes da Virxe do Rosario da igrexa ourensá de Santo Domingo ou o relevo do Descendemento da Capela do Santo Cristo. As roupaxes amplias, quebradas e angulosas imprimen as súas figuras gracia e movemento.

A talla que ingresa no Museo, gracias a doazón de D. Manuel Díez Sanjurjo segundo consta nas actas da Comisión no ano 1901, representa un anxelote músico sobre peaña de nubes ondulantes. O xiro do corpo a súa dereita, en contraposición a postura dos brazos que suxeitan o instrumento, proporciona un movemento inestable, subliñado polas roupaxes quebradas e angulosas que descubren unha das pernas, imprimindo á figura armonía e movemento. Mostra rasgos faciais ben marcados e definidos, minuciosa talla dos cabelos rizados e cuidada anatomía de suave modelado e gordechitas carnes, así como gracia na delicada postura dos dedos e nas meixelas inchadas mentras executa a interpretación musical. A policromía da túnica está realizada coa técnica do estufado, a base de motivos vexetais sobre o fondo verdoso das teas.

Aínda que non se coñece a súa procedencia, este pequeno anxo músico, tal vez formase parte dun grupo adicado á Virxe. A partires do s. XIV numerosos temas, ata entón a penas tratados na escultura de vulto redondo, desenvólvense xogando un papel esencial nos programas iconográficos. As figuras dos anxos están a miúdo presentes nos temas da “glorificación divina”. Entre os mesmos destaca a modalidade dos anxos músicos, asociados frecuentemente a

coroación da Virxe María, facendo soar diversos instrumentos musicais, contribuíndo ó gozoso esplendor da escena. Non sempre levan a súa característica esencial, as ás, símbolo da capacidade de desprazamento entre o ceo e a terra, e case sempre van descalzos como símbolo de pureza. No Apocalipse de S. Xoan, os anxos forman parte activa tocando tubas e frautas. Tamén é frecuente a participación dos mesmos nas escenas do Nacemento de Xesús, xustificada a súa presenza polo gozo e os cánticos de loubanza, tal como se indica no Evanxeo.

Os áticos dos retábulos barrocos foi o lugar predilecto para colocar ós anxos músicos, tamén nas cúpulas, aparecen así mesmo representacións de anxos e santos músicos nos cadeirados dos coros e grandes orquestras dos mesmos formando parte das caixas de monumentais órganos.

A música e todo aquilo que coa mesma se relaciona, está presente nas diversas manifestacións da arte plástica, na escultura, no gravado, nas orlas e viñetas das miniaturas, tapices, no mobiliario litúrxico (algún facistol remata coa figura dun anxical músico) e máis singularmente na pintura.

Finalmente recollemos as fermosas verbas que San Isidoro de Sevilla menciona nas Etimoloxías ó referirse a música: “ A música fai vibrar as almas e corpos, acende ós combatentes, anima ós navegantes, sostén a fatiga dos labregos, acouga os ánimos excitados, ata as bestas se estremecen coas súas modulacións; a nosa voz, o noso pulso, o noso corazón, marcan o ritmo da armonía e cadencia musical”.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez . FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-1.036-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

